

# VÉMONOS ALA ARRIBA

[Albert Dupontel, 2017]

# 405

ESTREA EN NUMAX: 29.06.2018 | V.O.S.E. | +12

*Au revoir là-haut* (2017, 114')

**Dirección:** Albert Dupontel

**Guión:** Albert Dupontel, Pierre Lemaître (Novela: Pierre Lemaître)

**Elenco:** Albert Dupontel, Nahuel Pérez Biscayart, Niels Arestrup, Émilie Dequenne, Laurent Lafitte, Mélanie Thierry, Frans Boyer, Travis Kerschen

**Son:** Bruno Mercere

**Montaxe:** Christophe Pinel

**Dirección de arte:** Lilith Bekmezian

**Vestiario:** Mimi Lempicka

**Fotografía:** Vincent Mathias

**Música:** Christophe Julien

**Produtoras:** ADCB Films, Manchester Films (Francia)

**Distribuidora:** Ver Cine

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA

*9 meses... de condena*, 2013

*Le vilain*, 2009

*Enfermés dehors*, 2006

*Le créateur*, 1999

*Bernie*, 1996

## PREMIOS E FESTIVAIS


César 2017 (5 premios, incluídos mellor dirección, fotografía e guión adaptado), Donostia 2017 (Sección oficial), Lumière 2017 (Nomeado a mellor filme, fotografía e guión)

## SINOPSE

En novembro de 1919, Albert, un grande ilustrador, e Édouard, contábel, son dous dos superviventes das trincheiras da I Guerra Mundial. Tras a fin da contenda, deciden unirse e levar a cabo unha estafa relacionada coa conmemoración e os monumentos dedicados aos falecidos na guerra. Un traballo difícil pero incríbel naqueles anos.

«O cineasta francés emociona, intriga, apaixona e abraia, mantendo unha afiada e visceral crítica da sociedade»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



## “A mestura entre comedia e traxedia é un bo reflexo da miña vida cotiá”

### Entrevista con Albert Dupontel

**Por que quixo adaptar a novela de Pierre Lemaitre?** Ademais de ser un enorme pracer de lectura para min, atopei o libro extremadamente inspirador. Pareceume un panfleto contra a época actual disfrazado dunha forma moi elegante. Todos os personaxes parecíanme dunha modernidade desconcertante. Unha pequena minoría avariciosa, que domina o mundo. As multinacionais actuais están cheas de Pradelles e Marcells Péricourts, sen fe nin lei, que fan sufrir a innumerábeis Maillares, que tamén perservaran por sobrevivir a través dos séculos. A narración tamén contiña unha historia universal, coa crónica dun pai cheo de remorsos e un fillo abandonado e incomprendido. E finalmente a intriga da estafa cos monumentos funerarios, que engade un fío condutor dando ritmo e suspense á narración. Todos estes elementos fixeron que por vez primeira para min, unha adaptación me pareceuse factíbel e oportuna.

**Como foi o proceso de escrita do guión?** Partindo dun libro de 600 páxinas, a miña premisa era ir ao esencial, a saber, a relación forte e apaixonada entre Albert e Edouard, a quen confronto axiña cando Edouard propón a estafa. Precisaba un detonante no guión para artellar a historia como un filme.

O espectador é moito máis preguiceiro có lector así que, para manter a atención e o ritmo, conectei todos os personaxes entre si, co fin de vinculalo todo.

**Entre a comedia e a traxedia, nin todo é moi burlesco nin totalmente patético... Como consegues xogar entre un ton e outro? Que é o que che interesa desa tensión?** De novo, este elemento estaba moi presente no libro de Pierre, de feito tentei manter no filme varias frases textuais que aparecen no libro. Para conseguir poñer o relevo emocional que mencionas, todo dependía da forza na interpretación dos actores e, aínda que os dous personaxes do filme se consideran burlescos, Labourdin e Merlin, eu precisaba grandes actores. A mestura entre comedia e traxedia paréceme un bo reflexo do que sinto na miña vida cotiá. Esa montaña rusa emocional dá un toque particular a este xénero de películas.

\*\*\*

## “Só escribín novelas negras e esta é unha”

### Entrevista con Pierre Lemaitre

**Para esta novela elixiu un tema moi afastado do seu xénero habitual, o policíaco. Por que?** Non estou moi certo de que esta novela estea moi lonxe das anteriores. Só escribín novelas negras e esta é unha. O que muda é talvez o rexistro, que se desvía da novela policíaca cara á novela picaresca. Comecei a

escribir unha historia policíaca que tería lugar nun período inmediatamente posterior á guerra e decateime de que non tiña a xenética do suspense. Tiven a opción entre mudar a miña historia para facer unha novela negra ou facer outra cousa. Non o dubidei moito...

**Por que esa época?** Todo comezou lendo. A primeira lectura foi *Las cruces de madera* de Roland Dorgeles. Eu léraa de adolescente e a súa humanidade, traxedia, historias, as súas emocións abrumáronme. Todo estaba alí e talvez me identifiquei con eses soldados. Decateime que esa guerra foi a entrada no meu Panteón persoal. Sempre souben que me interesaría tratala no plano literario.

**A adaptación é fiel pero propón moitos cambios. Que lle parece?** Cando confías a un artista a tarefa de adaptar unha das túas historias aceptas o risco de ser comprendido ou incomprendido, esa é a regra do xogo. Por outra parte unha adaptación só ten interese se engade valor á novela. Debe ser a mesma historia pero contada de maneira diferente e por alguén máis! E vin que as solucións narrativas propostas por Albert son sempre boas.

**Que sentiu no primeiro visionado do filme?** Primeiro emoción, porque nunca vira unha das miñas historias en pantalla. Era a mesma historia pero feita desde un punto de vista diferente e con outro universo, atopando solucións narrativas que en ocasións eu non fora quen de atopar. Sentínme orgulloso dun éxito que non me debía nada.

Publicados en [vincine.org](http://vincine.org)  
Traducións: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Nos vemos allá arriba, Pierre Lemaitre.**  
Salamandra, 2014

**Nos vemos allá arriba, Pierre Lemaitre  
& Christian de Metter.** Norma, 2017

**Recursos inhumanos, Pierre Lemaitre**  
Alfaguara, 2018

**Tres días y una vida, Pierre Lemaitre**  
Salamandra, 2016

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónate  
e ven sempre  
por  
**4,5€**

**Faite  
NUMAX!**